



XUNTA
DE GALICIA



Colexio Público de Infantil e Primaria
"HUMBERTO JUANES"
Rúa Curros Enríquez, nº 2 (Vilameán)
36350 Nigrán



886110378 -- 886110379

E-MAIL

ceip.humberto.juanes@edu.xunta.es

WEB

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceiphumbertojuaness>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

MATEMÁTICAS

CURSO: **3º PRIMARIA**

ANO ACADÉMICO: **2020/2021**

ÍNDICE

CONTEXTO	p. 3
ALUMNADO	p. 4
OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	p. 4
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	p. 5
METODOLOXÍA PRESENCIAL	p.10
METODOLOXÍA NON PRESENCIAL	p.11
AVALIACIÓN	p. 11
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	p.13
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	p. 20
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	p. 21
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	p. 22
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	p. 23
CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO	P. 25

1. CONTEXTO

- CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 aollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- **ALUMNADO**

O nivel de terceiro de primaria está formado por un total de 47 discentes, coa incorporación de dúas alumnas novas.

Poboación inmigrante: NON

Alumnado con NEAE no curso actual: 6

Outras características: os grupos foron mesturados no paso de 2º a 3º de primaria.

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Segundo a adaptación feita no terceiro trimestre do curso anterior, o alumnado non ten ningún estándar imprescindible pendente de traballar e avaliar. Durante o mes de setembro do presente curso, realizouse todos os días repaso e reforzo dos contidos do curso anterior para poder comezar no mes de outubro co currículo propio de terceiro de primaria.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

2.21ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
		BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS			
EN TODAS AS UNIDADES	<p>B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos.</p> <p>B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.</p> <p>B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.</p> <p>B1.4. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</p>		LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	AO LONGO DO CURSO	
UD. 1	<p>B2.1. Números naturais ata o 10.000.</p> <p>B2.2. Nome e grafía dos números ata o 10.000.</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar.</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras.</p> <p>B2.5. Identificación do número anterior e o seguinte a un dado.</p> <p>B2.6. Orde numérica.</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar.</p> <p>B2.7. Redondeo de números naturais, ás decenas, centenas e millares.</p>		LIBRO E MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	OUTUBRO	8
UD. 2	B2.8. Operacións con números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división enteira por un número dunha cifra. (SO		LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO	OUTUBRO	8

	ADICIÓN E SUBSTRACIÓN NESTA UNIDADE) B2.9. Automatización de algoritmos.	E RECURSOS MULTIMEDIA		
UD. 3	B4.7. Comparación e clasificación de ángulos: rectos, agudos, obtusos. B4.8. Uso das TIC no desenvolvemento e asimilación de contidos relacionados coa xeometría. B4.9. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá. B4.10. Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas. B4.11. Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico. B4.12. As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	NOVEMBRO	8
UD. 4	B2.10. A multiplicación como suma de sumandos iguais e viceversa. B2.11. Construción e memorización das táboas de multiplicar. B2.12. Identificación e uso dos termos propios da multiplicación: factores e produto. B2.16. Utilización da calculadora. B2.17. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	NOVEMBRO /DECEMBRO	8

2.3 2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
	BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS				
EN TODAS AS UNIDADES	B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos. B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter		LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	AO LONGO DO CURSO	

	información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. B1.4. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.			
UD. 5	B2.19. Resolución de problemas da vida cotiá. B2.8. Operacións con números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división enteira por un número dunha cifra. (SO SUMA, RESTA E MULTIPLICACIÓN) B2.9. Automatización de algoritmos. B2.7. Redondeo de números naturais, ás decenas, centenas e millares.	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	XANEIRO	8
UD. 6	B2.13. Identificación e uso dos termos propios da división: dividendo, divisor, cociente e resto. B2.14. Utilización en contextos reais da división para repartir e para agrupar. B2.15. Proba da división relacionando dividendo, divisor, cociente e resto en casos sinxelos. B2.16. Utilización da calculadora. B2.17. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental. B2.9. Automatización de algoritmos. B5.1. Recollida e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, observación e medición. B5.2. Lectura, interpretación e elaboración de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá. B5.3. Interpretación e descrición verbal e escrita de elementos significativos de gráficos sinxelos. B5.4. Realización de gráficas sinxelas: pictogramas, diagramas de barras.	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	XANEIRO/ FEBREIRO	12
UD. 7	B2.14. Utilización en contextos reais da división para repartir e para agrupar. B2.15. Proba da división relacionando dividendo, divisor, cociente e resto en casos sinxelos. B2.16. Utilización da calculadora. B2.17. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	FEBREIRO /MARZO	8
UD. 8	B4.1. Clasificación de polígonos. Lados e vértices. B4.2 Composición e descomposición de polígonos. B4.3. Clasificación de figuras e corpos xeométricos utilizando diversos criterios. B4.4. Figuras xeométricas. Elementos básicos: lado, vértice, base, diagonal, ángulo e eixes de simetría. B4.5. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro. B4.13. Perímetro das figuras planas. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	MARZO	8

2.4 3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
	BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS				
EN TODAS AS UNIDADES	<p>B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos.</p> <p>B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.</p> <p>B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.</p> <p>B1.4. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</p>	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	AO LONGO DO CURSO		
UD. 9	<p>B3.10. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.</p> <p>B3.11. Múltiplos e submúltiplos do euros.</p> <p>B3.12. Equivalencias entre moedas e billetes.</p>	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	ABRIL	8	
UD. 10	<p>B3.1. Expresión e forma simple dunha medición de lonxitude, capacidade, masa ou peso.</p> <p>B3.2. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.3. Realización de medicións.</p> <p>B3.13. Resolución de problemas de medida.</p> <p>B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.</p> <p>B3.5. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa ou peso.</p> <p>B3.6. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p> <p>B5.1. Recollida e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, observación e medición.</p> <p>B5.2. Lectura, interpretación e elaboración de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá.</p> <p>B5.3. Interpretación e descrición verbal e escrita de elementos significativos de gráficos sinxelos.</p>	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	ABRIL/ MAIO	10	

	B5.4. Realización de gráficas sinxelas: pictogramas, diagramas de barras.			
UD. 11	B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación. B3.8. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais. B3.9. Cálculos con medidas temporais.	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	MAIO	10
UD. 12	B4.6. Corpos xeométricos: recoñecemento de prismas, pirámides e corpos redondos. Elementos básicos de poliedros: caras, vértices e arestas.	LIBRO, MATERIAL MANIPULATIVO E RECURSOS MULTIMEDIA	XUÑO	8

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- Aspectos xerais:

Metodoloxía activa e participativa, cabe destacar na área a importancia da automatización /mecanización de parte dos contidos así como a estimulación de procedementos de razoamento lóxico-matemático, a través da proposta de actividades.

Resolución de exercicios e problemas en gran grupo e individualmente. O desenvolvemento de actividades en pequeno grupo queda supeditada á evolución durante o curso da pandemia.

- Estratexias metodolóxicas

Activación de coñecementos previos e presentación dos contidos da unidade a través da exposición da mestra e de recursos multimedia, sempre que sexa posible.

Proposta de exercicios para automatizar os procesos.

Utilización ao longo do curso de material manipulativo que favoreza o pensamento lateral e a creatividade. Utilización de recursos multimedia.

Potenciación do uso das tics na área a través de propostas de actividades en rede.

- Exemplo de secuenciación de traballo na aula
 - ✓ Activación de coñecementos previos.
 - ✓ Exposición da mestra dos contidos e procesos por apartados.

- ✓ Apoio de recursos multimedia.
 - ✓ Automatización dos procesos a través da proposta de exercicios.
 - ✓ Traballo con material manipulativo.
 - ✓ Estratexias de cálculo mental.
 - ✓ Resolución de problemas baseados nos procesos traballados.
 - ✓ Avaliación da unidade.
-
- Outras decisións metodolóxicas: as que xurdan no desenvolvemento da programación.
 - Agrupamentos: namentres permaneza a situación de pandemia, disposición individual na aula á máxima distancia que permite as súas dimensións.
 - Tempos: a duración de cada unidade estenderase aproximadamente ao longo de dúas semanas, excepto aquelas que precisan de maior automatización.
 - Espazos: aula, espazos comúns do centro, en especial, a aula de informática.

4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino: aula virtual
- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia: Webex, sempre que a dotación informática persoal do docente o permita.
- Plataforma/medio de comunicación coas familias: Abalar Móbil, de ser necesario, correo electrónico.
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade: planificación semanal de traballo indicando o traballo de cada sesión para cada día. Entrega de tarefas a través da aula virtual.
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade: comunicación da proposta de traballo e entrega de tarefas a través do correo electrónico da familia.

5. AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: 28 de setembro

Tipo de proba (descripción): proba escrita con exercicios e problemas.

Mecanismo para informar ás familias: reunión presencial / telefónica.

Consecuencias dos resultados das probas: reforzo individual ou do grupo.

- AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Probas escritas e/ou entrega de tarefas ao finalizar cada unidade, aproximadamente, cada dúas semanas. Entregas puntuais de traballos.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

As probas e os traballos cualifícanse cuantitativamente, nunha escala ata 10.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Media das notas rexistradas das diferentes probas e traballos ao finalizar cada trimestre.

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS 30%							
MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada)	2º			Proba escrita	Comprende o enunciado de problemas dunha soa operación e localiza os datos e a pregunta.	15%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCT • CAA
MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.	2º			Proba escrita	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas, con axuda e regulación externa (recordatorios orais por parte do mestre, guías dos pasos a seguir, emprego na clase de pistas visuais ...)	7%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSIEE
MTB1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?	2º			Proba escrita	Logra planificar, con regulación externa, o proceso de traballo.	7%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSIEE
MTB1.3.1. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas	1º			Observación directa	Dá os primeiros pasos no uso de ferramentas tecnolóxicas para a resolución de problemas.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CD • CAA
BLOQUE 2: NÚMEROS 30%							
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.	1º			Proba escrita	Le e escribe números ata o 10.000 e os ordena con axuda dunha recta numérica.	3%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CCL

MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.	1º	Proba escrita	Aproxima números á decena e centena con apoio de rectas numéricas.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.	1º	Proba escrita	Realiza sinxelas series ascendentes e descendentes con axuda visual de rectas numéricas.	3%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.	1º	Proba escrita	Emprega os números ata o 10.000	3%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CCL
MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	1º	Proba escrita	Compón e descompón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	3%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.	1º	Proba escrita	Entende en que consiste a multiplicación. É quen de construír as táboas de multiplicar.	3,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	2º	Proba escrita	Coñece cando hai que empregar a multiplicación na vida cotiá.	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB2.3.3. Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.	2º	Proba escrita	Sabe cando empregar a multiplicación na resolución de problemas cotiáns.	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.	2º	Proba escrita	Comprende o que é a división e formula divisións por unha cifra na resolución de problemas da vida cotiá.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA

MTB2.3.5. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.	2º	Proba escrita	Identifica os termos propios da multiplicación e da división.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.	1º	Proba escrita	Resolve problemas sinxelos de unha operación que impliquen o coñecemento dos contidos traballados.	4%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	1º	Proba escrita	De xeito guiado, repasa, revisa e comproba o que fai cando resolve os problemas.	4%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSIEE
BLOQUE 3: MEDIDA 20%					
MTB3.1.1. Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.	3º	Proba escrita	Relaciona as medidas máis usuais (cm, m, km; g, kg,...) do sistema métrico decimal, co que mide dita unidade. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB3.1.2. Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	3º	Proba escrita	É quen de medir con diferentes instrumentos e elixe, con axuda, a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.	3º	Proba escrita	Suma e resta medidas sinxelas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB3.2.2. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	3º	Proba escrita	Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude con números menores de 1000.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT

MTB3.3.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude.	3º	Proba escrita	Dadas as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude, é quen de utilizalas.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB3.3.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.	3º	Proba escrita	Explica de forma oral e sinxela, con axuda de apoio visual (de esquemas, guiños...) os procesos seguidos na maioría dos procedementos realizados.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
MTB3.3.3. Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais.	3º	Proba escrita	Resolve, con certa axuda e de forma manipulativa, problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB3.4.1. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións	3º	Proba escrita	Resolve situacións reais empregando as medidas temporais, horas e minutos, e as súas relacións.	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	3º	Proba escrita	Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea empregándoas en situacións reais e manipulativas.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSC
MTB3.5.2. Calcula múltiplos e submúltiplos do euro.	3º	Proba escrita	Iníciase no cálculo de múltiplos do euro.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB3.6.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas e de razoamento.	3º	Proba escrita	Resolve problemas sinxelos de medida con certa axuda (visual, manipulativa...).	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados,	3º	Proba escrita	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas, con axuda e regulación	2,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSIEE

comprobando e interpretando as solucións no contexto.			externa (recordatorios orais por parte do mestre, guías dos pasos a seguir, emprego na clase de pistas visuais).		
BLOQUE 4: XEOMETRÍA 10%					
MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).	2º	Traballo de investigación	Recoñece os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice)	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB4.2.1. Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.	2º	Traballo de investigación	Coñece e diferencia a circunferencia e o círculo e distingue os seus elementos.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB4.3.1. Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).	3º	Traballo de investigación	Recoñece corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
MTB4.4.1. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.	1º	Traballo de investigación	Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB4.5.1. Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.	1º	Traballo de investigación	Obtén información puntual e describe de forma sinxela(esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CCL
MTB4.5.2. Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo.	1º	Traballo de investigación	Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico básico:indica unha dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo.	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CCL
MTB4.6.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando	3º	Traballo de investigación	Resolve problemas xeométricos sinxelos con	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA

estratexias heurísticas de razoamento.			certa axuda (visual, manipulativa...).		
MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	3º	Traballo de investigación	De xeito guiado, repasa, revisa e comproba o que fai cando resolve os problemas.	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSIEE
BLOQUE 5: ESTATÍSTICA 10%					
MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.	2º	Traballo de investigación	É capaz de, con certa axuda, recoller e clasificar datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír de forma autónoma táboas ou gráficas.	4%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.	2º	Traballo de investigación	Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación sinxelo.	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.	2º	Traballo de investigación	Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.	4%	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA

6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

CCEC	<p>Mostrar respeto hacia las obras más importantes del patrimonio cultural a nivel mundial.</p> <p>Apreciar la belleza de las expresiones artísticas y en lo cotidiano.</p> <p>Elaborar trabajos y presentaciones con sentido estético.</p>
CCL	<p>Comprender el sentido de los textos escritos.</p> <p>Captar el sentido de las expresiones orales: órdenes, explicaciones, indicaciones, relatos...</p> <p>Expresar oralmente, de manera ordenada y clara, cualquier tipo de información.</p> <p>Utilizar el conocimiento de las estructuras lingüísticas, normas ortográficas y gramaticales para elaborar textos escritos.</p> <p>Respetar las normas de comunicación en cualquier contexto: turno de palabra, escucha atenta al interlocutor...</p> <p>Manejar elementos de comunicación no verbal, o en diferentes registros, en las diversas situaciones comunicativas.</p>
CAA	<p>Desarrollar las distintas inteligencias múltiples.</p> <p>Gestionar los recursos y las motivaciones personales en favor del aprendizaje.</p> <p>Generar estrategias para aprender en distintos contextos de aprendizaje.</p> <p>Desarrollar estrategias que favorezcan la comprensión rigurosa de los contenidos.</p> <p>Seguir los pasos establecidos y tomar decisiones sobre los pasos siguientes en función de los resultados intermedios.</p> <p>Evaluar la consecución de objetivos de aprendizaje.</p> <p>Tomar conciencia de los procesos de aprendizaje.</p>
CD	<p>Emplear distintas fuentes para la búsqueda de información.</p> <p>Elaborar información propia derivada de información obtenida a través de medios tecnológicos.</p> <p>Manejar herramientas digitales para la construcción de conocimiento.</p> <p>Actualizar el uso de las nuevas tecnologías para mejorar el trabajo y facilitar la vida diaria.</p> <p>Aplicar criterios éticos en el uso de las tecnologías.</p>
CSIEE	<p>Asumir las responsabilidades encomendadas y dar cuenta de ellas.</p> <p>Ser constante en el trabajo, superando las dificultades.</p> <p>Gestionar el trabajo del grupo, coordinando tareas y tiempos.</p> <p>Contagiar entusiasmo por la tarea y confianza en las posibilidades de alcanzar objetivos.</p> <p>Priorizar la consecución de objetivos grupales a intereses personales.</p> <p>Mostrar iniciativa personal para iniciar o promover acciones nuevas.</p> <p>Actuar con responsabilidad social y sentido ético en el trabajo.</p>
CMCCT	<p>Reconocer la importancia de la ciencia en nuestra vida cotidiana.</p> <p>Manejar el lenguaje matemático con precisión en cualquier contexto.</p> <p>Identificar y manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos geométricos...).</p> <p>Aplicar los conocimientos matemáticos para la resolución de situaciones problemáticas en contextos reales y en cualquier asignatura.</p> <p>Realizar argumentaciones en cualquier contexto con esquemas lógicomatemáticos.</p> <p>Interactuar con el entorno natural de manera respetuosa.</p> <p>Tomar conciencia de los cambios producidos por el hombre en el entorno natural y las repercusiones para la vida futura.</p> <p>Desarrollar y promover hábitos de vida saludable en cuanto la alimentación y el ejercicio físico.</p>

CSC	Desarrollar capacidade de diálogo con los demás en situaciones de convivencia y trabajo y para la resolución de conflictos. Mostrar disponibilidad para la participación activa en ámbitos de participación establecidos. Reconocer riqueza en la diversidad de opiniones e ideas. Concebir una escala de valores propia y actuar conforme a ella. Aprender a comportarse desde el conocimiento de los distintos valores. Evidenciar preocupación por los más desfavorecidos y respeto a los distintos ritmos y potencialidades.
-----	---

LEENDA COMPETENCIAS:

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CD	Competencia dixital.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

• INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	4	3	2	1
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

• INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	4	3	2	1
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				

5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- **Periodicidade coa que se revisará.**
- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.**
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.**

Indicadores:

	Escala			
	4	3	2	1
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

• MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. Aplicación de medidas organizativas para o alumnado con necesidades específicas segundo se recollen nos protocolos. a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. b) Espazos diferenciados. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. • Desdobramento de grupos. NON • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. SI 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. Adaptacións metodolóxicas s Aprendizaxes significativas e buscando sempre que sexa posible partir de tarefas manipulativas • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. Si, para o alumnado con necesidades específicas sempre que sexa necesario. • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. NON hai pendentes na materia. • Programa específico para alumnado repetidor da materia. NON hai pendentes na materia. • Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

	NON hai pendentes na materia.
--	-------------------------------

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. <p>Si</p> <ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. <p>NON</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado con flexibilización na escolarización. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc. <p>Coordinación semanal para planificar o reforzo e os materiais a empregar.</p>

10.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA para o nivel.

11. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

- **CRITERIO NUMÉRICO:**

Con 1 materia non superada: Promociona

A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagógico.

- **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

<u>CRITERIO</u>	Non promoción		Promoción	
	4	3	2	1
1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?*				
1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?*				
2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n				
3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promoción		Non promoción	
	4	3	2	1
4. Inciden causas emocionais no seu baixo rendemento?				
5. Está integrado no seu grupo?				
6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

*

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

Artigo 6. Promoción de curso e de etapa

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio

4. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.